

Eulalia Carro Sobral

SALCEDO, 1923-2015

Eulalia Carro Sobral naceu en San Martiño de Salcedo. Cando era nena, ían á escola, no Carramal, un día si e outro non. Había que coidar os animais:

“A mestra rifábanos por non ir á escola pero non podíamos porque tiñamos que ir labrar. Papá ía labrando e nós diante... se íamos á escola non podíamos ir con el, así que fomos moi pouco, ás veces, en días salteados. Cando chovía traíamos un saco para non mollarnos. Era moi lonxe, un quilómetro e medio ou dous. Pasaban os de Figueirido e metíanse con nós. Unha vez pasaron no cabalo e colléronme un libro que era moi grande, coma unha enciclopedia, e fixeron burla de min: ‘Está moi adiantada e é moi lista vostede’, dixéronme. Iamos medio nus, medio descalzos... Pasabámolo fatal así que todos analfabetos”.

Conta Lalí, como lle chaman na familia, que o seu pai, Severino Carro, fixera o servizo militar na Mariña e estivera catro anos no barco Reina Regente de camareiro. Alí aprendera a ler “e moitísimas máis cousas que non sabía”, e co tempo, foi el quen lles ensinou a ler e escribir ás crianzas e mesmo puxo unha escola de noite nunha vella adega. Nenas e nenos ían alí, a partir das oito da tarde e a cambio do patacón que pagaban os seus pais, foron moitos os que aprenderon a ler na vella adega que Severino Carro convertera en escola.

Ficou viúvo moi pronto. Amelia Sobral morreu aos corenta e dous anos, tras o parto de Pablo, o sétimo fillo. Deulle unha embolia cerebral cando o neno tiña



oito días. Deixou catro varóns.... e tres mulleres. Lali era a segunda, a maior das nenas:

“Eu tiña dezanove anos e quedei, non sei nin como quedei... desprazada, morta de vergoña... non tiñamos nada: un repolo, unha cebola unicamente, unha pataca... ata a vaca daba pouco leite. Foi unha tarefa fea. Non sei como seguín viva. Ía cun litro de leite a Pontevedra e viña e traía un quilo de sardiñas para casa. E viñamos á ribeira aos mariscos. Asabámoslos e comiámoslos. Levabamos unha vida moi pobre. Eu tiven un vestido só para toda a xuventude. Sempre co mesmo. Tiña un trapo feito cun saco para andar de día, como unha especie de quimono atado pola cintura que me facía a miña tía. E o outro para saír. Era negro con reberete branco e así botei a xuventude. (...) Os primeiros zapatos que merquei xa era unha chavaliña e foron os únicos que tiven (...) Paseino mal porque tiña moitos irmáns. Despois criamos galiñas, tiñamos pitos e eu levaba un cesto deles, cinco ou seis, os que valeran, e ía a Arcade con eles na cesta, atados polas pernas. Iamos tres mulleres a vender porque nos pagaban mellor... Foi unha vida de comer mal. Criabamos un galo para o ano que viñera, para o día do patrón: Alí non había comer polo nin nada... só aquel día un galo criado de toda a vida”.

Cando foi da guerra, Lali tiña trece anos. Andaba coas vacas na aldea, que quedaba un pouco máis alta que a súa casa, e viu un avión botando propaganda. A súa nai fora á vila, a Pontevedra, porque lles dixeran que baixasen cunha arma defender o goberno civil. Amelia Sobral foi cunha forcada que era o que tiñan. O seu home non a acompañou, di a filla que el tiña máis medo. Aínda que non pertencía a ningún partido, Severino Carro era o secretario da Sociedade de Agricultores e Gando, que a súa filla explica así:

“Era unha sociedade que fixeran porque se nos morría unha vaca non podíamos mercar outra, e así puñamos todos cada mes un pouquiño e se morría unha pois a mercabamos entre todos, que era do que vivíamos.”

Con Amelia foron varias veciñas de Salcedo a Pontevedra e metéronse no Concello. Acabaron deitadas no chan para protexerse dos disparos que chegaban da liorta na Alameda. Despois iría o seu home buscala, pero di Lali que “con mediño”. Regresaron a casa coa forcada na man: “Que irían facer eles coa forcada habendo fusís?”, preguntábase a filla. E lembraba que “a tres ou catro veciños de Salcedo matáronos no cemiterio de San Mauro, xente marabillosa, só porque ían á sociedade: Genaro Estévez Posada, Salvador...”. Tamén que lle raperon o pelo a unha muller que tiña unha trenza moi longa, que coidaba moito. Cortáronlla e logo paseábana por Pontevedra para que a xente a vise: “Chamábase Aurelia, era de Salcedo, de aí arriba, de onde se vai para o cuartel. Quedou moi traumatizada, con medo, chegaba calquera e puña verde aos falanxistas. Traballaba na misión biolóxica, coidando do dono, do enxeñeiro. Coidaba del porque estaba moi maliño. Non lle chegaron a por letras na fronte pero a levaban a Pontevedra para rir dela e tirábanlle plátanos e cousas. Sufriu moito, estaba negra...”



Como o seu pai era o secretario da Sociedade estivo escapado cando foi do Golpe de Estado. Contaba Lali que se agochou nunha zona de vides cun muro moi alto que lle permitía mirar todo o que pasaba na rúa:

“En vez de cear e ir para a camiña, ceaba e ía alí. Pasaba a noite vixiando porque tiña medo. Tiña un amigo que era cívico e dicíalle: ‘Severino, mira que hoxe imos ir á casa de Fulano, ten coidado... hoxe á casa de Citrano...’ e papá colleu tanto medo que non durmía na casa”.

Severino non chegou a estar nunca detido e co tempo fixo gran amizade cos presos do cuartel de Figueirido, aos que agasallaba con mazás e pan. Os presos saían do recinto para ir coller auga a Fonte Lunares e ás veces baixaban un pouquiño máis, chegando á casa de Severino. Lembra Lali que daquela “íá moita xente e criaba os porcos coa lavadura do cuartel, coas sobras. Primeiro dábana pero despois xa cobraban por ela. Era todo unha miseria”. O seu pai ía até o cuartel a buscar os restos das letrinas para usar como abono das fincas: “Ía buscar o abono, a terra co das latrinas e tiña un millo coma un mundo”. Foi así como fixeron amizade cos presos tanto Severino como a súa filla que tamén ía até o cuartel a polo abono ou andando coas vacas. Máis dunha vez saíronlles militares a dicirlles que non podían achegarse tanto até a prisión, pero o certo é que tanto o pai como a filla fixeron boas migas cos presos, e un deles, de procedencia asturiana, fíxolle a Lali unhas caixiñas de madeira co seu nome gravado.

“Daquela apareceron moitos mortos. Fusilábanos no cuartel e logo ía buscalos a familia. Fusilábanos e quitábanlles as xoias, os reloxos... ata lle quitaban a dentadura, os dentes de ouro”.

Houbo moitas mulleres asturianas que se instalaban na zona, en Postemirón, Figueirido ou Salcedo para axudar aos seus familiares, presos en Figueirido, así como mulleres da contorna que lles lavaban ou cosían a roupa aos presos. Lali falaba da señora Consuelo, unha muller asturiana que tiña ao irmán preso alí e alugou unha casiña para levarlle de comer. Cada día ía cargada cunha cesta de comida para os presos e acabou pondo unha tenda onde outros familiares compraban viandas ou tomaban unha *chiquita* de camiño á prisión. Contaba Lali que o negocio foi tan ben que acabou facéndose rica, e que cando o seu irmán quedou en liberdade e volveron a Asturias deixoulle a Severino o encargo de que lle cobrara as contas pendentes, pois no seu colmado sempre se lle fiou ás familias dos reos. Cando cumpriu co encargo Severino foi alá levarlle os cartos.

A propia Lali casou cun home perseguido polos seus ideais políticos: Pastor Torres Paz. Antes do golpe de Estado fora presidente das Xuventudes Socialistas e por iso se mantivo anos agochado: desde o golpe militar até o 15 de maio de 1939, cando Gómez Cantos fai o chamamento a todos os fuxidos que non tivesen delitos de sangue. Pero a presión que seguiron exercendo sobre el obrigouno a



volver agocharse e en xuño de 1948, xa casado con Lali, foi acusado de repartir pasquíns do Partido Comunista e ingresou en prisión, permanecendo retido até o 18 de decembro de 1949.

Lali coñecérao despois do tempo do agocho:

“Coñecino nun baile. A el non lle gustaba moito bailar pero ao seu irmán si. Un día apareceron no baile do Pino. Viñan doutro e eu estaba cunha amiga, a que tiña. El entrou, o grupo estaba no medio, nós estábamos sentadas alí, empezaron a mirar... Daquela se bailaba muller con muller e cando eles querían bailar cunha rapaza, cando lles gustaba a parella, collíana, e el quitoume a bailar. Empezamos a falar de parvadas.. Eu vou contigo. Non quero que veñas comigo. Pero foi, ata que chegou á miña aldea. Acompañoume coa miña amiga e un grupo máis de rapazas que ían arriba. Adeus. Adeus, ata mañá... e ao outro día apareceu outra vez...foi así”.

Conta Lali que como Pastor non tiña traballo, aparecía ás veces pola súa casa pero ela agochábase del porque andaba mal vestida, mal arranxada e tiña medo de que a vira así. Mais axiña empezaron “a entenderse”:

“Chegaba, chamaba á porta: Qué fas? E así estivemos unha tempada, ata que pediu falar co meu pai, que a miña nai xa non estaba. Eu non pensaba casar na vida, xa estaba farta de aturar nenos. De feito, tiña pretendentes pero dicía que nunca ía casar (...) Non pensaba nunca que quedara ninguén comigo”.

Pero Pastor empezou a achegarse acotío e un día pediu falar co señor Severino. Lali non sabe se o seu home foi un dos fuxidos aos que sabe que o seu pai axudaba, pero o certo é que antes de eles mocear, os dous homes xa se coñecían. Acabaron casando en 1945. Ela tiña 22 anos e el 37: “Ao meu pai gustoulle que fora así de maior, parecíalle máis serio”. Tiveron dous fillos, Pastor e Eulalia, a quen chamaron sempre Pitusa.

Tres anos despois da voda, en xuño de 1948, Pastor volveu ir preso polo reparto dos pasquíns:

“Despois de casar foi preso, xunto a outro compañeiro, Emilio. Foi porque botou uns pasquíns. Debían ser do Partido Comunista pero eu daquilo non sabía. Non me contaba porque eu lle avisaba ben, que non se metera nesas cousas... E a súa nai! Pobriña...”

Fora na casa da súa nai, Teresa Paz, onde Pastor Torres estivera agochado, durante anos, tras o golpe de Estado do 36, precisamente xunto a Emilio Peón Méndez:

“Fixeron na casa de Teresa, da nai de Pastor, un oco, porque o mataban eh? Tiñanlle unha rabia negra. A casa estaba na rotonda do Pino, era unha casa grande cun murallón, e tiña unha bodega. Había un banco de carpinteiro que era moi grande e pesaba moito. Entón fixeron un buraco e quitaron a terra ás agachadas, a saber... Quitaron terra pouco a pouco, pouco a pouco ata que fixeron un oco para



estar eles alí, e baixaban por unha escaleira, metíanse, puñan unha placa e o banco enriba. Non o sabía ninguén e a súa nai toliña de telos alí”

Na casa de Teresa estaba vivindo unha filla casada cun militar, que despois da voda quixera quedar coa nai, e Lali asegura que, polo menos ao principio, o cuñado non sabía que Pastor estaba agochado debaixo do piso. O longo tempo de agocho non foi doado e Lali lembra un episodio que a piques estivo de costarlle a vida ao que, co tempo, sería o seu home. Foi un día que chovía moitísimo pero que non puideron ir sacalos do agocho porque a Garda Civil andaba patrullando pola zona. Cando por fin puideron ir por eles, estaban coa auga polo pescozo. É un episodio que tamén narra Emilio Peón Méndez nunha entrevista concedida a Aurora Marco, recollida en “A Galiza de Bóveda”. Nela, Emilio conta que sacaban a auga que encharcaba o buraco cunha sulfatadora e que os primeiros meses fixeron un agocho en precario para substituílo despois por outro mellor, que mesmo encalaron, e no que tiñan un leito para durmir. Pero conta tamén que non podían nin pórse de pé, que os de fóra tiñan que quitar o banco para levarlles comida, cousa que facían cada dous ou tres días.

Estando no agocho, Pastor enfermou, púxose moi maliño e foi atendido polo doutor Mariño, que era un vello amigo, das mesmas ideas deles. Foi agochado á casa de Teresa para que ninguén o vira.

Pastor e Emilio estiveron tres anos fuxidos. Primeiro andaron escapados e despois no agocho uns dous anos. Cando andaban fuxidos, Pastor disfrazábase de muller. Conta a súa filla Pitusa que andaba pola zona de Salcedo, que ían as leiteiras vender a Marín e que el chegou a ter relación con elas, que lle deixaban roupas e camuflábano entre elas. Di tamén que xa morto o seu pai, coñeceu un home, Cándido, que lle contou que durante o tempo que Pastor andou agochado, deulle de comer e que un día foron os cívicos e déronlle unha malleira impresionante para que dixese por onde andaba, pero que aínda que el lle sabía os recunchos porque adoitaba achegarse até a súa casa, non dixo nada. Contou Cándido que un dos homes que lle deron a malleira era o criado dun señor alcu-
mado O Peluquero, que tiña bois, e que era un cívico do peor.

Lali di que Pastor confesou que tiñan medo de que o matasen pero que dicía que o que o matase tamén ía levar... Ela nunca lle veu revolver nin nada pero un día, cambiando as tellas da casa, Pablo atopou entre as vigas un paquete de balas en papel de envolver. O seu cuñado dixo que tivese coidado que aquilo había que gardalo e marchou co paquete.

Os anos de agocho forxaron unha relación inquebrantábel entre Pastor e Emilio, que ademais era o padriño da filla da súa irmá, Araceli Torres, que tamén se chama Araceli. “Papá e Emilio eran amigos profundos-diPitusa-. En Noiteboa



ceábamos na casa e logo el e máis eu baixábamos ao Pino a cantar”. Reuníanse todos na casa de Araceli que estaba casada con Antonio Dios, irmá de Edelmiro Dios, asasinado polos fascistas no 36.

A Lali tamén lle mataron un tío, un irmán da súa nai, Amelia. Chamábase Abelardo Sobral. Lali cóntao así:

“Levouno un veciño de alí. Marcharon e non apareceu máis. O meu tío estaba casado en Postemirón e tiña tres fillos pequenos. A súa muller cansou de gastar cartos en bruxas para ver se lle dicían como fora... sempre, ata que se desenganou”.

Abelardo Sobral foi levado ao cuartel que había en Vilaboa e alí déronlle unha malleira tal que cando saíu, a xente xa non o recoñecía e el dixo: “Son Lamoso de Postemirón”, facendo referencia á casa da súa muller, [Hermosinda Lamoso](#). Decía Lali que logo o mataron e foi fondeado na ría, que lle pegaron dous tiros na cabeza e atáronlle pedras as pernas antes de tiralo a auga. O que se sabe de certo é que o seu corpo nunca apareceu.

“Cando o mataron, Hermosinda, que era a muller de Abelardo, quedou cos nenos e traballaba coma unha tola. Tiña tres: Eulogio, Sergio e Carmen e estaba embarazada da cuarta. Tiña moitas fincas e traballaba a terra. Logo gañou a vida carretando para a xente, pero aquilo de que o mataran foi terríbel. Levábamos a vida con medo...”

Ademais, os cívicos raparon a irmá de Amelia e Abelardo, [Leonor Sobral Acuña](#).

Contaba Lali que cando Pastor abandonou o agocho non chegou a ingresar en prisión pero pasou varios meses no cuartel de Artillería e despois foi desterrado.

Nunha declaración realizada no ano 1944 e que conseguiu o historiador Xosé Álvarez Castro, Pastor explica que se entregou a Gómez Cantos, daquela gobernador civil, o 15 de maio de 1939 pero que días despois, o 13 de xuño, chegou unha parella da Garda Civil á súa casa cunha requisitoria escrita a lapis. Iso fíxolle desconfiar, pensou que se se presentaba o ían maltratar e volveu agocharse. Ela coñeceuno cando xa abandonara o agocho pero aínda lle quedaba por sufrir a detención dos pasquíns:

“A segunda vez que estivo preso, cando foi o do reparto dos pasquíns, non foran eles directamente pero tanto el coma Emilio e outros compañeiros acabaron presos. El en Vigo pero a Emilio mandárono máis lonxe. Paseino mal, eu soa. Cando casamos viviamos cunha parente miña, unha tía viúva que lle dixera ao meu pai que lle mandara unha filla vivir con el e mandoume a min, que daquela aínda estaba solteira. A miña tía estaba contentísima con el, dáballes cartos para saír os domingos (...) Cando o detiveron non morrín por sorte. Estivo case dous anos preso. Na vila non había quen quixera asistenta e eu traballaba sachando. Menos mal que tiñan uns cartiños e don Luís mandábame a paga todos os meses... salvoume”.



Don Luís era o dono do comercio “La moda ideal” onde Pastor traballou toda a vida e onde tamén se acabaría empregando dous irmáns de Lali, incluído Pablo, o máis pequeno. Como perdera á súa nai cando só tiña uns días, ao casar a súa irmá con Pastor foi vivir con eles. Pastor empezou traballar en “La moda ideal” con quince anos e cando deixou de estar agochado volveu alí. Tivo que deixalo de novo ao ir preso polo asunto dos pasquís pero cando saíu en liberdade o dono volveuno aceptar, a pesar de ser un home de dereitas. Non só iso, durante ese tempo seguiu dándolle unha paga mensual a Lali:

“El vendía moito para a aldea e mira se o seu xefe o quería que todos os meses me mandaba a paga. Pastor era moi simpático, moi falador, moi bo vendedor. Se ías con el a Pontevedra non había unha persoa que non se parase a saudalo”.

Durante o tempo que estivo no cárcere de Pontevedra, Lali ía velo os domingos e leváballe comida. Logo paraba na casa da nai, Teresa Paz, que estaba moi preto e alí pasaba o día, cos sogros e as cuñadas que, a excepción da muller do militar, seguían solteiras.

Conta Lali que a partir de saír do cárcere no Nadal de 1949, Pastor abandonou a política. Aínda así, a finais dos anos 50 volvérono chamar para declarar e foi xunto a Antonio Puig, dono da farmacia pontevedresa e naquel momento xefe local da Falanxe, e no mesmo momento que entrou no cuartel xa escoitou: “Aí está o recomendado de Puig”. Non lle tocaron nin un pelo.

Di a súa filla Pitusa que tras a súa etapa na clandestinidade, Pastor “quedou moi queimado. Toda a vida seguiu sendo do Partido Comunista pero se mantivo ao marxe. Non contaba nada, dicía que era mellor que non souberamos nada. (...) Eu preguntáballe e el dicíame: Non filla non, é mellor que non saibas...Desas cousas mellor que non saibas. Un día díxenlle que pasaría se me botaba un mozo Garda Civil e casaba e tardou unha semana en falarme. Tiña moito resquemor”.